

# Día da Clase Obreira Galega

---

10  
de  
marzo

10 de marzo de 1972... Caen asasinados pola policía franquista Amador Rei e Daniel Niebla, traballadores de Bazán, que canda outros miles de compañeiros se manifestaban nas ruas do Ferrol pola consecución dun convenio colectivo xusto e digno para o seu centro de traballo. Tamén houbo feridos de bala, detencións e torturas.

Setembro de 1972... Os traballadores de Citroën, e doutras empresas da cidade de Vigo, saen ás ruas e manifestan-se na defensa dos seus dereitos laborais e, outra volta, hai feridos, detidos e torturados.

Son as loitas do 72 a semente do sindicalismo nacionalista e de clase, pois nesa altura aparecen os primeiros xérmolos do que 25 anos despois é a Confederación Intersindical Galega. E durante todos estes anos vimos conmemorando puntualmente a data do 10 de Marzo, como día de loita, no que facemos confluír as reivindicacións do movemento obreiro galego máis urxentes e actuais.

Hoxe, no ano 1997, temos que nos mobilizar en defensa da empresa pública galega opondo-nos a todo intento privatizador, na defensa do emprego e pola industrialización, contra a reforma laboral restrictiva dos nosos dereitos e aberta a meirandes facilidades no despedimento, e a prol do Marco Galego de Relacións Laborais (plenas competencias lexislativas en materia laboral e garantía de convenios colectivos en Galiza), ferramenta indispensable para a mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Asimesmo compre denunciarmos o silencio informativo ao que se somete ao sindicalismo nacionalista e mobilizarmo-nos en contra da represión que está a sufrir o movemento obreiro galego, como recentemente aconteceu en Pontedeume (coa brutal carga da *Guardia Civil* contra os traballadores de ENDESA), en Vigo (coas cargas contra os traballadores de POVISA) ou no Morrazo (contra os mariñeiros).

**No 25 cabodano de Amador e Daniel temos que afirmar, cheos de razón, que a semente do 72 é a forza da nosa clase.**

Manifesta-te conosco:

**Ferrol: Ás 12 horas na Avenida de Esteiro (local do sindicato).  
Vigo: Ás 7,30 da tarde na Via Norte.**

